

Concurso **Explícoche Matemáticas 2.0**

Explícoche Matemáticas 2.0 é un concurso dirixido a todo o alumnado da Facultade de Matemáticas da USC, no marco da celebración do Día da Ciencia en Galego 2011 e do Mes da Ciencia 2011.

O **obxectivo** do concurso é promover a utilización do galego como medio de transmisión das Matemáticas, así como a creatividade do alumnado, a través da realización de curtametraxes de 2 minutos de duración nas que se explique en galego un concepto matemático.

Dirección de contacto: zmatdeca@usc.es

BASES DO CONCURSO

1) Participantes. Poderá participar todo o alumnado da Facultade de Matemáticas da USC, de maneira individual ou en grupos de, como máximo, 3 persoas.

2) Proxecto Explícoche Matemáticas 2.0. Cada participante ou grupo participante deberá seleccionar un concepto matemático e preparará un vídeo de 2 minutos de duración sobre o tema (definición, idea intuitiva, aplicación,...), onde a lingua empregada sexa o galego. Os participantes poderán utilizar calquera recurso multimedia, audiovisual ou artístico para a realización da curtametraxe.

3) Os proxectos realizados deben remitirse á Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas, na seguinte dirección zmatdeca@usc.es **ata o 07/02/2012**. Os vídeos enviaranse en formato .avi ou .mov, acompañados dun informe no que conste a autoría do mesmo (nome/s, apelido/s), datos de contacto (endereço electrónico e número de teléfono), o título do proxecto e unha breve motivación. Os traballos presentados, realizados integramente polos participantes, deben ser inéditos e orixinais.

4) O xurado valorará os proxectos presentados, seleccionando un proxecto premiado que será presentado nun acto na Facultade de Matemáticas. Os/As autores/as do **vídeo premiado** recibirán un iPod touch.

5) Os participantes autorizan á Facultade de Matemáticas a facer públicos os traballos presentados a través da súa páxina web.

